



ESTA FIN DE SEMANA NON HAI FÚTBOL

Reunidos os clubs de Ferrol de 2ª e 3ª autonómica, decidiron parar a competición este vindeiro domingo, 9 de outubro, en protesta pola aplicación da tarifa arbitral unificada.

Ares, 5 de outubro de 2011

A decisión presidencialista do sr. Liñares, ignorando aos membros da súa xunta directiva, obviando a asemblea xeral do mes de xullo, e enviando unha semana antes do comezo da competición unha circular na que aplicaba a tarifa arbitral unificada para o ámbito galego, choca frontalmente cos intereses dos clubs de Ferrol pertencentes á segunda e terceira autonómica. Desde Ferrol elaborouse un estudo económico dos gastos arbitrals correspondentes ás nosas competicións e o resultado final, a tarifa arbitral unificada para os nosos clubs, daba uns 75€ por partido en 2ª autonómica, fronte aos 90 € que nos quere impoñer a Federación Galega. Por tanto, os clubs de Ferrol si estamos a favor da tarifa arbitral unificada pero só si esta se aplica por delegacións. Queremos ser xustos cos equipos que participan na mesma competición, entendemos que todos os que participamos na mesma competición debemos pagar a mesma tarifa. O que non comprendemos é que teñamos que ser "solidarios" cos clubs doutras delegacións, para ser máis claros: non nos parece que sexamos insolidarios con clubs que participan en diferentes competicións, e máis, non se nos pode acusar de insolidarios con equipos que parece ser que ata están exentos de pagar as arbitaxes, porque teñen institucións que asumen ese gasto.

As medidas propostas pola Federación de eliminar os tríos arbitrals (en 3ª autonómica, xa non se enviaban) e de fraccionar o pago en dúas anualidades parécenos insuficientes. A medida de parar a competición esta fin de semana persegue unha rectificación do sr. presidente da Federación galega. Sr. Liñares, sabe que se equivocou nas formas de levar este tema e debe rectificar.